



III CONCURSO DE RELATO CURTO E DEBUXO

CONCELLO VALDOVIÑO. LETRAS GALEGAS 2018

Un dos fins da Concellería de Cultura do Concello de Valdoviño é contribuír a estimular o coñecemento e uso do galego como lingua vehicular para, deste xeito, tomarmos conciencia do idioma e da cultura que nos transmitiron os nosos devanceiros tanto a través da escrita como da palabra, e a través das mesmas, dar forma á expresión artística.

Por esta razón e dentro dos actos que o Concello de Valdoviño ten organizado co motivo da celebración das Letras Galegas dedicadas este ano a MARÍA VICTORIA MORENO convócase un concurso de relato curto e debuxo para rapazas e rapaces empadroados no Concello de Valdoviño e alumnas e alumnos dos centros educativos de Valdoviño tendo como obxectivo a realización dunha actividade para coñeceren algunhas das obras creadas por M^a Victoria Moreno.

Para todo isto, apróbanse as seguintes bases :

☞ Concurso de Relato Curto e Debuxo dirixido a rapazas e rapaces empadroados no Concello de Valdoviño e/ou alumnas e alumnos do CPI Atios e CRA “O Esquí” aínda que non estean empadroados no Concello. Os relatos e debuxos deberán ser orixinais, non premiados noutros certames, de temática libre e no que proceda escritos en lingua galega.

☞ O concurso convócase para os seguintes cursos :

- 4º, 5º e 6º de INFANTIL NA MODALIDADE DE DEBUXO.
- 1º CICLO DE PRIMARIA NA MODALIDADE DEBUXO.
- 2º CICLO DE PRIMARIA NA MODALIDADE RELATO CURTO.
- 3º CICLO DE PRIMARIA NA MODALIDADE RELATO CURTO.
- 1º CICLO DA ESO MODALIDADE RELATO CURTO.
- 2º CICLO DA ESO MODALIDADE RELATO CURTO.



☞ Os textos e debuxos versarán sobre algunha ou varias das personaxes, elementos ou circunstancias que concorran e aparezan nas obras que figuran como opción A anexo I, ás presentes bases, e cuxa autoría pertence a M^a VICTORIA MORENO, escritora homenaxeada este ano no DÍA DAS LETRAS GALEGAS.

Dada a circunstancia excepcional que concorre este ano en relación á autora homenaxeada e a súa relación co municipio de Valdoviño, este concurso de relato curto e debuxo propón unha opción B de participación que aparece indicada ao final do anexo I.

☞ A extensión dos relatos será como máximo de dous folios tamaño A4 . Pola parte de atrás do folio indícaranse os datos persoais : nome e apelidos , idade , curso , colexio, enderezo e teléfono de contacto. (Enderezo e teléfono non será necesario para aqueles rapaces e rapazas que presenten os traballos desde os colexios de “Atios” ou de “ O Esquíu”).

☞ O prazo de presentación abranguerá os días laborais ata o 11 de maio de 2018 .

☞ Os traballos entregaranse na Casa da Cultura en horario de 10,00 a 14,00 h.

☞ Para a valoración dos textos e debuxos constituírase un xurado formado por 5 persoas todas elas vinculadas á administración local que organiza o concurso, ao ámbito escolar e ao campo artístico e literario e cuxos nomes aparecerán publicados na páxina web do Concello de Valdoviño. Actuará como secretaria con voz e sen voto a técnica de xestión cultural do Concello de Valdoviño. Na valoración terase en conta :

a) Calidade e orixinalidade do traballo.

b) Valores relacionados coa nosa cultura.

c) Coidado da lingua.



☞ O premio para os gañadores consistirá nun libro e diploma. Outorgarase un premio por curso.

☞ De non alcanzarse unha calidade mínima nalgunha das seccións ou non concorrer traballos á mesma, o xurado valorará a posibilidade de acumularensen os premios en calquera das outras categorías. As decisións adoptadas polo xurado serán inapelábeis en todos os casos.

☞ A obra será propiedade da entidade organizadora, polo que os autores e autoras aceptan ceder todos os seus dereitos e a corrección das faltas gramaticais e léxicas para a súa publicación se procedese.

A participación no concurso implica a aceptación das bases .

Os datos persoais incluídos neste concurso só serán coñecidos pola organización sen poderen ser cedidos nin comunicados a terceiros.

Valdoviño, 23 de abril de 2018.

Alcalde.

Alberto González Fernández.



Anexo I

Opción A)

Obras de M^a Victoria Moreno que se tomarán como referencia para participar no concurso :

EDUCACIÓN INFANTIL (4º, 5º, 6º)

“E haberá tirón de orelas?.”

EDUCACIÓN PRIMARIA. 1º CICLO

“A festa do faiado.”

EDUCACIÓN PRIMARIA. 2º CICLO .

“Eu conto, ti cantas”

EDUCACIÓN PRIMARIA. 3º CICLO

“ A brétema”

EDUCACIÓN SECUNDARIA (1º, 2º, 3º, 4º)

“Guedellas de seda e liño”

Opción B)

No ano 1947 M^a Victoria Moreno , que tiña daquela 8 anos, viviu en Valdoviño na casa de seu tío José Eugenio que era o secretario do Concello. A este tío seu agasalláranos unha cabra e M^a Victoria quixo sacala a pasear coma se fose un can . A cabra levouna a rastro e M^a Victoria saíu malparada.

Tendo en conta o significado que ten para todos os veciños de Valdoviño esta circunstancia propoñemos tamén para o concurso de Letras Galegas deste ano o poder optar a participar coa seguinte referencia :

PARA OS QUE CONCURSEN NA MODALIDADE DE DEBUXO :

- *Debuxos que ilustren este episodio da vida da autora.*

PARA OS QUE CONCURSEN NA MODALIDADE DE RELATO CURTO :

- *Invención dunha historia arredor deste episodio da vida da autora.*